



Concello de Vigo  
Expte. 5196/1101

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 19/2025

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 14 DE NOVEMBRO DE 2025

#### ORDE DO DÍA

**ÚNICO.** Resolución de emendas e aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2026. Expte 97/142 (Expte Pleno 5196/1101).

#### ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Excmo. Sr. Alcalde  
Aguiar Castro, Yolanda  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Caride Estévez, María José  
Espinosa Mangana, Elena  
Estévez Rodríguez, Pablo Luis  
Fernández Pérez, José Manuel (conexión telemática)  
Gómez Díaz, Gorka  
Iglesias González, Ana Laura  
Iglesias López, Patricia  
Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen  
López Font, Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana Maria  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Calviño, Patricia  
Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, M.<sup>a</sup> Carmen

Benavides Alonso, Daniel  
García González, Patricia  
González Abeijón, Fernando  
Martín Peña, Jose Miguel  
Sánchez Méndez, M.<sup>a</sup> Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
Martínez Piñeiro, Ana  
Pérez Igrexas, Xabier

#### NON ASISTEN:

Pardo Espiñeira, Francisco Javier, Segundo Tenente de Alcalde do grupo municipal Socialista.



No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e cinco minutos (09:35 h.) do día catorce de novembro do ano dous mil vinte e cinco (14/11/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención a Interventora adxunta Dona Olga Gómez Corbal, por ausencia do Interventor don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

### **ÚNICO.(185).- RESOLUCIÓN DE EMENDAS E APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2026. EXPTE 97/142 (EX-PTE. PLENO 5196/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 5 de novembro de 2025, a Dirección Superior Contable e Orzamentación, co conforme do concelleiro de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta,

**“Asunto:** Proposta de resolución de EMENDAS ao Proxecto de Orzamento Municipal do ano 2026.

**Órgano que formula a proposta:** Concellería Delegada da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

**Órgano ao que se fórmula:** Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda.

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do día 23 de outubro de 2025, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e os Plans de Actuación e Financiamento das Fundacións que forman parte do Grupo Concello de Vigo: MARCO, LISTE e CONVENTION BUREAU para o ano 2026.

A Comisión de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 28/10/2025 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais poidan presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 23 de outubro de 2025. O prazo acceso ao expediente para o seu estudo comezou ás 14 horas do día 23/10/2025 (liña 134 do expediente), o prazo de inicio de presentación de emendas quedou fixado o comezou para o día 28/11/2025, e rematou as 12,00 horas do día 04/11/2025.

De acordo ao previsto no artigo 82 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), o expediente electrónico foi enviado á Secretaría do Pleno, con data 23/10/2025, pola Secretaría do Pleno, autorízase a todos os Concelleiros que conforman o Pleno o acceso ao expediente coa finalidade de que poidan consultar todos os documentos que consideren



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:19	Páxina 2 de 23
5206-1101	CSV: ABAADF-8HD42A-BD4E2C-G63DUV-V4UU3V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

necesario para o estudo, emenda e formación da vontade sobre o pronunciamento que adopten no expediente, quedando así garantida a posta a disposición dos Grupos Políticos Municipais da documentación que conforma o expediente.

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP), fixeron uso desta prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data 04/11/2025 e rexistradas polo rexistro do Pleno na data que figura nos documentos que se incorporan ao expediente electrónico.

No informe do Sr. Tesoureiro, Director Superior Contable e Orzamentario, enúmeranse as principais limitacións a ter en conta na avaliación das emendas aos efectos de respectar o contido do artigo 83.5 do Regulamento Orgánico do Pleno e de non por en risco os equilibrios orzamentarios.

No prazo fixado pola Comisión informativa de Orzamentos e Facenda, presentáronse as seguintes emendas:

### **EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

En data 04/11/2025, o Sr. Concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo, presenta emenda parcial rexistrada na mesma data co número 5184/1101.

### **EMENDA PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

No prazo fixado pola Comisión informativa de Orzamentos e Facenda, con data 04/11/2025, rexistrada na mesma data co número 5185/1101, o Sr. Concelleiro D. José Miguel Martín Peña, Portavoz do Grupo Municipal Populares de Vigo, presentou emenda parcial.

#### *Sobre a tipificación das emendas*

O Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOPPO nº 114 do día 15/06/2016 (ROP), modificado polo Pleno en sesión do 24/02/2021, publicado no BOPPO nº 87 de 10/05/2021, no seu artigo 83.1, regulamenta as emendas a totalidade, nas que previo debate e neste caso fundadamente, suporía se fose aceptada, a devolución do expediente 97/142, Proxecto de Orzamento do ano 2026 á Xunta de Goberno Local.

#### *Sobre as emendas presentadas*

Primeiro. Con carácter previo á proposta sobre as emendas presentadas, en aplicación do previsto no artigo 168 do TRLRFL, a competencia para a formación do Orzamento Municipal está residencia da Alcaldía-Presidente da Corporación, que actúa de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:19	Páxina 3 de 23
5206-1101	CSV: ABAADF-8HD42A-BD4E2C-G63DUV-V4UU3V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

acordo coas fundamentacións legais, políticas, técnicas e de oportunidade que considere máis axeitadas aos intereses públicos en xeral e de xeito concreto, aos da cidade e cidadás.

Segundo. En relación coa emenda presentada polo Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo, o informe técnico propón a seu rexeitamento por estar a emenda desequilibrada, ao propor o financiamento co cargo a recursos que teñen orixe na baixa de aplicacións orzamentarias asociadas a contratos formalizados en execución ou cun financiamento afectado por unha contía de 28.712.880,34 euros. A proposta de creación de novos empregos ou maiores dotacións por unha contía de 30.845.880,34 euros, non dispoñen de recursos suficientes para o seu financiamento, o que en resume supón que a emenda estaría desequilibrada nunha contía de 28.712.880,34 euros, resultando a proposta feita contraria a Dereito por estar a xerar un déficit orzamentario de acordo ao previsto nos artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 20/2012, de 27 de abril e artigo 165.4 do TRLRFL, aprobado polo RD Legislativo 2/2004 , artigo 135 da CE e artigo 83 do ROP.

En consecuencia co anterior, a emenda en termos reais e legais, non está equilibrada, incumpríndose o previsto no artigo 83 do ROP, xerando un desequilibrio orzamentario que non o permite os artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 20/2012, de 27 de abril (LOEOSF), artigo 165.4 do TRLRFL, aprobado polo RD Legislativo 2/2004 e co previsto no artigo 135 da CE. .

A emenda debe e ten que ser rexeitada coa seguinte fundamentación xurídica:

i) Non axustarse a Dereito, xera desequilibrios e incumpre co artigo 83 do ROP, artigos 3 e 11 da LOEOSF, artigo 165.4 do TRLRFL e artigo 135 da CE.

ii) tal decisión deixaría sen cobertura orzamentaria aos contratos vixentes, polo que, se estarían a xerar obrigas na execución dos mesmos sen a preceptiva dotación orzamentaria suficiente,

iii) estarase a incorrer no suposto regulado no artigo 170.2 do TRLRFL, omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións exixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo,

iv) estaría a utilizar recursos que non son propios da Entidade, sendo de outros axentes públicos e cunha finalidade específica o que suporía a perda dos mesmos por incumprir a aplicación dos mesmos á finalidade prevista.

Si os fondos xa foron recibidos, procedería o reintegro segundo o artigo 37.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións máis os xuros de demora dende o ingreso até o reintegro.

Si os fondos non foron recibidos, o Concello perde o dereito a percibir os fondos segundo artigo 37 e 17.3.l) da LXS.

En ambos casos, constitúe unha infracción muy grave (artigo 58.b da LXS), cunha sanción de ata o 100% da contía e a prohibición de obter novas subvencións (artigo 60 da LXS), sen prexuízo da responsabilidade contable (artigo 38 da LXS) e da responsabilidade



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:19	Páxina 4 de 23
5206-1101	CSV: ABAADF-8HD42A-BD4E2C-G63DUV-V4UU3V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

de penal por malversación de caudais públicos que regula o artigo 432 e seguintes do Código Penal.

Ao ter que rexeitar a emenda, non quedan afectados os equilibrios orzamentarios, a proposta non require informe da Intervención.

Terceiro.- A emenda presentada pola Sr. Voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, supón un incremento neto do Orzamento aprobado de 71.108.750,00 euros, 72.250.000,00 euros de incremento e 1.141.250 euros de reducións.

Segundo se fai constar no informe, o financiamento que se propón na emenda é con cargo ao remanente líquido de tesourería, recurso que non está previsto para esta finalidade.

O artigo 104.4 do Real Decreto 500/1990, establece que: *En ningún caso el remanente de Tesorería formará parte de las previsiones iniciales de ingresos ni podrá financiar, en consecuencia, los créditos iniciales del presupuesto de gastos.*

Este principio está previsto para garantir a estabilidade orzamentaria e financeira das entidades locais, evitando que se utilicen recursos acumulados para cubrir déficits de xestión e asegurando que os orzamentos se fundamenten en ingresos e gastos previsibles e non en superávits acumulados.

Os recursos correntes (capítulos 1 a 5 do estado de ingresos) teñen que garantir o financiamento dos empregos ordinarios (capítulos 1 a 5 máis o 9 do estado de gastos).

A inclusión dun recurso como é o RLT para o financiamento do orzamento inicial resulta contrario ao previsto no artigo 165.4, que obriga a que o Orzamento xeral debe aprobarse sen déficit inicial, a emenda presentada non cumpre con este mandato.

Na emenda presentada, o Orzamento estaría a aprobarse con un déficit inicial de 71.108.750,00 euros, limitación que a Constitución Española regula no seu artigo 135. Todas as Administracións Públicas adecuarán as súas actuacións ao principio de estabilidade orzamentaria *"Las Entidades Locales deberán presentar equilibrio presupuestario"*.

O artigo 3 e 11 dá Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea, requisito que non cumpre a emenda presentada.

O artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, establece que as emendas de creación ou de incremento nos estados de gastos admitiranse a trámite se propoñen unha baixa por igual contía. Requisito que incumpe a emenda presentada.

Cuarto.- A proposta de empregos que contén o proxecto de orzamentos que aprobou a Xunta de Goberno e que se somete ao Pleno, ten como obxectivo, dentro das



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:19	Páxina 5 de 23
5206-1101	CSV: ABAADF-8HD42A-BD4E2C-G63DUV-V4UU3V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

competencias propias, xerar emprego a través de distintas obras de relevancia para a cidade e con elo actuar de incentivo e fomento da economía e xerar recursos para o consumo e a inversión privada, de xeito que as externalidades positivas da inversión pública non só melloran a cidade e as condicións de vida dos seus habitantes, senón tamén a economía privada e a dinamización da economía en xeral.

En todo caso, tal e como queda acreditado, a presión fiscal do Concello de Vigo é moi inferior que os municipios de similar tamaño, equivalente a media provincial e inferior a media estatal, segundo información publicada do peche do ano 2024.

En relación cos efectos que Orzamento Municipal ten sobre os cidadás, o seu fundamento está na realidade social, por unha banda aumenta as achegas aos colectivos necesitados, aumenta as prestacións no SAF, en Escolas infantís que están a gozar de gratuidade, aumenta os recursos para os servizos sociais, culturais, deportivos e os educativos, tal e como queda reflectido na comparación entre as políticas de gasto, e por outro, non aumenta a presión fiscal.

Para o goberno, os eixes básicos deste proxecto Orzamentario, son:

- i) Garantir unha prestación de servizos de calidade aos que teñen dereito os cidadás.
- ii) Garantir un sistema de axudas as clases sociais máis necesitadas nun contexto de económica social.
- iii) Garantir o financiamento dos compromisos de investimentos en relación cos convenios vixentes con outras administracións.
- iv) Dinamizar a economía como motor de xeración de riqueza que mellora a vida dos cidadás.
- v) Diminución da presión fiscal para que os cidadás dispoñan de mais recursos para afrontar a situación.

Visto o informe técnico e as consideracións de oportunidade sobre os empregos, formúlase a seguinte proposta sobre as emendas presentadas:

Avaliadas as emendas, sométese a votación a seguinte proposta:

### **PROPOSTA DE ACEPTACIÓN OU REXEITAMENTO DAS EMENDAS**

**PRIMEIRO.-** Rexeitar a emenda presentada polo Sr. Concelleiro D. Xabier Pérez Iglesias, Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Vigo, por insuficiencia nos recursos, ao pretender o financiamento de novos ou maiores empregos coa minoración de aplicacións que non son reducibles por unha contía de 28.712.880,34 euros, resultando a proposta feita contraria a Dereito por estar a xerar un déficit orzamentario, incumprindo co previsto no artigo 83 do ROP, xerando un desequili-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:19	Páxina 6 de 23
5206-1101	CSV: ABAADF-8HD42A-BD4E2C-G63DUV-V4UU3V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

brio orzamentario que non o permite os artigos 3 e 11 da Lei Orgánica 20/2012, de 27 de abril (LOEOSF), artigo 165.4 do TRLRFL, aprobado polo RD Legislativo 2/2004 e artigo 135 da Constitución Española.

**SEGUNDO.-** Rexeitar a emenda presentada polo Concelleiro D. José Miguel Martín Peña, Portavoz do Grupo Municipal Populares de Vigo, ao presentar un desequilibrio de 71.108.750,00 euros, xa que está propor como recurso para o financiamento dos novos ou maiores empregos un recurso inadecuado como é o remanente líquido de tesourería.

O artigo 104.4 do Real Decreto 500/1990, establece que: *En ningún caso el remanente de Tesorería formará parte de las previsiones iniciales de ingresos ni podrá financiar, en consecuencia, los créditos iniciales del presupuesto de gastos.*

O desequilibrio orzamentario que xeraría a emenda, é contrario ao regulamentado polos artigos 3 e 11 dá Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, polo artigo 165.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo artigo 135 da Constitución Española e polo artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno

**TERCEIRO.-** Ao non alterar cuantitativamente os empregos do orzamento informado polo Sr. Interventor Xeral en data 23/10/2025, nin modificar a estrutura de masas, non require que a proposta sexa sometida de novo a informe de control financeiro.

**CUARTO.-** Os antecedentes da proposta, son os reflectidos na proposta asinada o 21 de outubro de 2025, que figura no Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno e sometido á consideración dos Grupos Políticos Municipais para estudo e emendas.

### Antecedentes

O Proxecto de Orzamentos do ano 2026, comezou o proceso de formación coa elaboración das normas e criterios que se deberían ter en conta para a súa formación. O marco orzamentario remitidos ao MINHAFP para o período 2026-2028, aprobados por Resolución da Alcaldía de 13/03/2025, asinados pola Intervención en data 13/03/2025, enviados ao MINHAFP dos que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria de 28 de abril de 2025, marcan o contexto xeral no que se teñen que formar os estados orzamentarios para o ano 2026.

O segundo paso que fundamenta a formación do orzamento, é o cumprimento, aprobación e remisión das liñas fundamentais do Orzamento para o ano 2026, que foron aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de 08/09/2025, asinadas e enviadas ao Ministerio de Hacienda e Función Pública o 15/09/2025, dás que se deu conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 29 de setembro de 2025.

Resolución de inicio de formación do Proxecto de Orzamento, asinada pola Alcaldía Presidencia o 01/07/2025.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:19	Páxina 7 de 23
5206-1101	CSV: ABAADF-8HD42A-BD4E2C-G63DUV-V4UU3V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Directrices de formación do Proxecto Orzamentario, asinadas polo Concelleiro De-  
legado da Área de Orzamentos e Facenda o 08/07/2025.

Polo tanto, o criterio xeral de formación do Proxecto Orzamentario está delimitado polo marco orzamentario e as liñas fundamentais do orzamento, ambos documentos re-  
mitidos ao Ministerio de Facenda e Función Pública, e as liñas fundamentais, tamén á  
Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, así como o contido do previsto no  
artigo 168 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004.

Os criterios que se estableceron nos documentos precitados, foron aplicados ao  
Proxecto do Orzamento do ano 2026, coas variacións que a teor da normativa vixente  
en cada momento, fóronse axustando segundo se fai constar no informe económico de  
gastos e na memoria orzamentaria.

### Regras fiscais ano 2026

Ao ser rexeitado polo Congreso dos Deputados en sesión do día 23 de xullo de  
2024 o Acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo, aos efectos de cumprimento das  
regras fiscais, ten carácter vinculante os obxectivos de estabilidade orzamentaria esta-  
blecidos para o Subsector Local na Actualización do Programa de Estabilidade 2023-  
2026, de 28 de abril de 2023, valorado favorablemente polo Consello Europeo, quedan-  
do fixados os seguintes obxectivos:

### Estabilidade

Sector público	2024	2025	2026
Subsector local	0,20%	0,10%	0,20%
Conxunto das AAPP	-3,00%	-2,70%	-2,50%
Capacidade/necesidade de financiamento, SEC-2010, % do PIB			

Este obxectivo é obrigatorio para o subsector, aínda que difícil de aplicar a cada  
entidade local, xa que non é coñecido que contribución fai individualmente cada entida-  
de á formación do PIB nacional, polo tanto, a análise e a obriga de cada ente do subsec-  
tor local, é liquidar o Orzamento do ano 2025 e formar o Orzamento do ano 2026 en  
equilibrio ou superávit.

Da proxección da Liquidación Orzamentaria que se incorpora ao expediente co-  
rrespondente ao ano 2025, conclúese que vaise dar cumprimento ao obxectivo, sempre  
baixo as hipóteses previstas.

### Regra de gasto

A regra de gasto non ten que ser aprobada polas Cortes Xerais, polo que é vincu-  
lante o acordo do Consello de Ministros de 16 de xullo de 2024, no que se fixaron os co-  
eficientes de evolución do gasto non financeiro para o período 2025-2027.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:19	Páxina 8 de 23
5206-1101	CSV: ABAADF-8HD42A-BD4E2C-G63DUV-V4UU3V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	2025	2026	2027
Regra de gasto para o conxunto das AAP	3,20%	3,30%	3,40%

A taxa de variación aplicable ao 2026 sobre a liquidación prevista do ano 2025, unha vez axustada, non superará o 3,30%.

Da proxección da Liquidación Orzamentaria que se incorpora ao expediente correspondente ao ano 2025, vaise dar cumprimento ao obxectivo.

## Endebedamento

Este é o principal obxectivo da Comisión, o control do endebedamento. O artigo 13 da LOEPSF, fixa o límite global da débeda do conxunto das AAPP no 60% do PIB, repartido entre os distintos subsectores: 44% Administración Central, 13% CCAA e 3% para o conxunto das entidades locais.

Ao peche do ano 2024, o endebedamento das AAPP segundo o PDE, é do 101,8%, do que, o 21,1% corresponde ás CCAA e o 1,4% ás EELL.

O Subsector local, da cumprimento ao previsto no artigo 13 a LOEOSF, aínda que deberá reducir o seu peso para o peche do ano 2025, pasando do 1,4% ao 1,3% do PIB. Os obxectivos fixados no acordo do Consello de Ministros do 16/07/2024, é o seguinte:

	2025	2026	2027
Subsector local	1,30%	1,30%	1,20%

O Concello de Vigo nin o Grupo de Consolidación, teñen débeda financeira pendente de amortizar, polo que, este obxectivo tamén será obxecto de cumprimento.

### *Proxecto orzamentario que se presenta*

O Proxecto de Orzamento que se presenta está a encadrarse no Marco Orzamentario de medio prazo e nas liñas fundamentais remitidas ao Ministerio de Facenda e Función Pública en cumprimento do previsto no artigo 6 e 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Coa desagregación que figura na Memoria e no informe económico do estado de gastos e ingresos, as políticas de prestación de servizos básicos, as de promoción social, as de emprego, educativas, culturais e deportivas, tiveron crecementos importantes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:19	Páxina 9 de 23
5206-1101	CSV: ABAADF-8HD42A-BD4E2C-G63DUV-V4UU3V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*En relación ao estado de ingresos*

Os ingresos totais segundo os estados consolidados dos entes con orzamento limitativo ascenden a 350.883.484,95 euros, tendo unha variación do 4,86% en relación ao ano 2025.

No capítulo 1, os incrementos son os que reflicten a variación nas entregas a conta do IRPF, que incrementa un 2,1% en relación co ano 2025, a variación no IBI, IAE, IVTM e IIVTNU, coa aplicación dunha actualización do 4% nas Ordenanzas Fiscais sobre algún dos impostos deste capítulo.

No capítulo 2, a variación ven determinada coa previsión de ingresos polo ICIO, cuxa base son os ingresos do ano 2025 e a previsión co PXOM en vigor para o ano 2026, tamén hai axustes a alza no IVE, e nos II.EE. Créase a recarga para a aplicación da Taxa turística regulada na Lei 5/2024, de 27 de decembro .

No capítulo 3, as variacións teñen causa na variación das ordenanzas fiscais e os axustes tendenciais.

Capítulo 4, variación do FCF nun 2,1%, así como a liquidación positiva do ano 2024 calculada nun 2,7% das entregas a conta do ano 2025.

A fundamentación da previsión, ten causa na información dispoñible, na que se estima un incremento para o ano 2026 do 5% do acordado para o ano 2025, polo que, tendo en conta que se imputou ás entregas a conta un 2,1%, o resto, ata o 4,8% da totalidade dos ingresos do ano 2025, imputouse á liquidación.

As contías e porcentaxes, figuran no informe económico de ingresos.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma faise a previsión de acordo as entregas feitas máis a Liquidación, manténdose as contías do ano 2025. No entanto, tendo en conta o cofinanciamento no ano 2026 do prezo tonelada de residuos sólidos urbanos tratados en SOGAMA, faise unha estimación de 12 euros tonelada e os habitantes, prevéndose a mesma contía que a ingresada no ano 2024 e 2025, 1.317.862,02 euros, aínda que esta achega é finalista.

En relación co financiamento da dependencia, que abarca tamén ao SAF, faise a previsión a partires dun cofinanciamento do 60%.

Así mesmo, tense en conta os ingresos correspondentes ao Real Decreto-lei 1/2025, de 28 de xaneiro en relación coas axudas ao Transporte Urbano Colectivo pola contía que corresponda ao segundo semestre do ano 2025 e primeiro do ano 2026.

O Ingreso estimado polo segundo semestre do ano 2025 e primeiro do ano 2026, é de 2.374.614 euros, este ingreso tamén é finalista.

Como recursos non financeiros de capital, están:

- a) Convenio co MITMA para a mellora da estrada Avd. De Madrid, 2ª anulación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:19	Páxina 10 de 23
5206-1101	CSV: ABAADF-8HD42A-BD4E2C-G63DUV-V4UU3V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

b) o Convenio da Deputación de Pontevedra en relación a distintas infraestruturas que figuran no plan de investimentos (Piscina de Teis) e a Grada de Gol (2ª anualidade) ,

c) a achega da Xunta de Galicia para o edificio de vivendas sociais (Esturans) na XMU,

d) os fondos do programa EDIL, segundo a anualidade de execución prevista polo servizo,

e) os fondos da Fundación Biodiversidade,

f) achega do FSE Plus en relación co proxecto VIGO Social TV.

A cesión por IRPF, IVE , II.EE e FCF, actualízase segundo a regularización do ano 2025, que comenzo a ingresarse en setembro e se executará entre setembro e decembro a regularización dende o 1 de xaneiro do ano 2026.

*Achegas **non** condicionadas da Administración Central e Autonómica.*

*Recursos correntes non financeiros*

Concepto		Admt. CENTRAL	XUNTA
10000	Cesión IRPF	10.431.383,93	
21000	Cesión IVE	6.732.639,50	
220	Cesión II.EE	1.761.167,15	
42000	F.C.Financiamento	99.697.988,13	
42011	Liqui. Definitiva 2023	3.510.000,00	
45000	F.Coop. Local		6.479.801,46
Total		122.133.178,71	6.479.801,46

*Achegas **condicionadas** que cofinancian gasto corrente.*

*Recursos correntes non financeiros*

C. Orza.	Partida/prox	Finanidade	Ad.Central	Xunta	EDIL
42090	4411.4700001; 02	Subvención ao Transporte Urbano Colectivo	1.592.079,82		
42091	4411.4700001; 02	Bonificación RD-lei 1/2025, TUC,	2.474.613,64		
45002	2310.2279901	Lei de Dependencia, SAF		9.425.000,00	
45003	3112.2279904	Programa Drogodependencia, CEDRO		541.039,00	
45030	3230.2279904,5,6,7,8,12,13,14,15	Subvención EIM		572.914,00	
45001	1622.2279916	Fondo adicional custe tonelada tratada en SOGAMA		1.317.862,02	
45060	1510/2279907	Subvención Oficina rehabilitación		211.875,84	
49100	1532.2260201, proxecto 26153204	Alcabre verde, Plan de Comunicación e sensibilización. FSE+			22.794,67
	1532.2270604, proxecto 26153204	Alcabre Verde, Plan de Gobernanza e Participación, FSE+			7.068,80
	1532.2270605, proxecto 26153204	Alcabre Verde, Plan de medición e seguimento, FSE+			5.624,96
	1532.2270606, proxecto 26153204	Alcabre Verde, Estratexia de renaturalización FSE+			23.394,95
Toatal			4.066.693,46	12.068.690,86	58.883,38

*Achegas **finalistas** que financian o plan de investimentos*

*Recursos de capital non financeiros*



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 13/01/2026 14:19

Páxina 11 de 23

5206-1101

CSV: ABAADF-8HD42A-BD4E2C-G63DUV-V4UU3V-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Concepto	Proxecto	SUBVENCIONS DE CAPITAL	2026
72030	26231030	Vigo Social TV, acceso novas tecnoloxías para maiores dependentes	469.300,00
72091	23153291	Humanización Avd. De Madrid, MITMA	5.100.000,00
76109	25153912	Piscina de Teis	5.000.000,00
75000	26151010	Edificio Esturáns Vivendas de alugueiro	1.187.982,00
76110	14933010	Grada Gol Balaidos, Deputación	6.576.154,55
76700		Reintegro CCVV pola aplicación do RLT	151.184,40
79100	Proxecto 26153200: 337.245,85 Proxecto 26153201: 118.898,45 Proxecto: 25153205: 24.455,72 Proxecto: 26153203: 108.740,48	Fundación Biodiversidade, Alcabre Verde	589.340,50
79130	26153930	Transformación Entorno Urbano G. Vía, P1.A1	1.345.728,20
79131	26342030	Mellora complexo Deportivo Travesas, P1.A2	194.400,00
79132	26151030	Ampliación Of. Rehabilitación e Subvención Vivenda, P1.A3	79.459,46
79133	26431030	Impulso comercio local e mercados urbanos P1.A4	88.615,38
79134	Proxecto:26153230: 131.862,27 Proxecto:26153231: 139.424,93 Proxecto: 26153232: 171.230,77	Humanización entorno complexo deportivo das Travesas, P2.A1,2,3	442.517,96
79135	26333030	Rehabilitación Museo Liste, P3.A1	77.000,00
79136	Proxecto: 2633031:123.598,25 Proxecto: 26336030:38.676,48 Proxecto: 26336031: 80.826,94 Proxecto: 26336032: 84.125,99	Rehabilitación e posta en valor Museo Quiñones de León, P3.A2	332.027,32
79137	26171030	Mellora ambiental cambio climática P. Castrelos, P3.A3	22.500,00
79138	26333633	Adecuación entorno Igrexa S. Tomé d Freixeiro, P3.A4	4.841,46
79139	26432030	Dixitalización patrimonio cultural como activo turístico, P3.A5	61.600,00
79140	Proxecto 26441130: 306.132,96 Proxecto: 26441131: 1.182.807,11 Proxecto: 26441132: 121000	Electrificación TUC e Modernización PASSVIGO	1.609.940,07
Total			<b>23.332.591,30</b>

Ad.Central	Xunta	Deputación	EDIL (FEDER)	Alcabre Verde FSE+
5.569.300,00	1.187.982,00	11.576.154,55	4.258.629,85	589.340,50

Capítulo 1. As previsións deste capítulo do estado de ingresos son de 127.979.057,93 euros.

A variación deste capítulo en relación co ano 2025 é do 3,73% nos estados consolidados dos entes con orzamento limitativo.

O capítulo 1 do estado de ingresos está a representar o 39,22% dos recursos correntes non financeiros e un 36,47% sobre a totalidade do Orzamento consolidado dos entes con orzamento limitativo. Este capítulo está asociado ás entregas a conta do IRPF e os impostos directos: IBI, IBICES, IVTM, IIVTNU e IAE.

Achega da Administración Central pola cesión do IRPF, 10.483.383,98 euros, non finalista

Capítulo 2. Este capítulo o conforma o IVE, os II.EE e o ICIO e o recargo sobre a imposto autonómico que regula a taxa turística



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/01/2026 14:19	Páxina 12 de 23
5206-1101	CSV: ABAADF-8HD42A-BD4E2C-G63DUV-V4UU3V-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Este capítulo ten unha estimación de 15.094.806,64 euros, cunha variación do 29,9%, ten unha ponderación sobre os ingresos correntes non financeiros do 4,63%, e sobre os ingresos totais consolidados dun 4,30%.

Achega feita pola Administración Central pola cesión do IVE e II.EE, 8.493.806,65, non finalista.

Capítulo 3. O conforman as Taxas e Prezos Públicos, ten unha previsión de 50.843.939,02 euros nos estados consolidados, cunha variación co ano anterior do 5,62%, ten unha ponderación do 15,58% sobre os ingresos correntes non financeiros e do 14,49% sobre os ingresos totais consolidados.

